

Acta da Comisión Permanente do día 21 de maio de 2020

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 21/05/2020.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 21/05/2020.
- III. Calendario TFG 2019/20 dos graos impartidos no centro
- IV. Calendario TFM 2019/20 do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 13 horas na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Directora, Dona Elena Alonso Prieto, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

- 1 Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 5 de febreiro de 2020 e extraordinarias celebradas o 4 de marzo, 16 de abril e 30 de abril de 2020.**

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, as actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 5 de febreiro de 2020 e extraordinarias celebradas o 4 de marzo, 16 de abril e 30 de abril de 2020.

2 Informe da Presidenta.

A Presidenta comenta que xa se informou ao profesorado de que os exames finais da segunda oportunidade serán en modalidade non presencial. Ademais, púxose en marcha o último procedemento para a modificación das guías docentes; é un proceso máis sinxelo porque se limita aos posibles axustes no sistema de avaliación.

3 Aprobación, se procede, da ampliación do período de realización de probas de avaliación para o segundo período e segunda oportunidade.

A Directora comenta que, no proceso de modificación de guías, aprobouse unha modificación relativa á materia *Xeoloxía* na que se recolle a realización de exames orais posteriormente á realización do exame final de teoría; como a data oficial deste exame no calendario aprobado no centro é o 5 de xuño, último día do período de exames no calendario escolar, para permitir a realización dos posteriores exames orais é necesario aprobar unha ampliación do período de exames para incluír os días 8, 9 e 10 de xuño. Ademais, para a segunda oportunidade, como a data oficial do exame de *Xeoloxía* é o 8 de xullo, para non interferir cos exames dos días 9 e 10, proponse ampliar o período de exames de maneira que os exames orais poidan realizarse os días 13, 14 e 15 de xullo. A Directora aclara que un acordo do Consello de Goberno do 29 de abril de 2020 permite este tipo de modificacións dos calendarios de exames dos centros.

A Comisión aproba por asentimento a ampliación dos períodos de realización de probas de avaliación. A Directora comenta que informará tanto ao alumnado como ao profesorado desta modificación do calendario de exames.

4 Aprobación, se procede, da habilitación dun procedemento de defensa de TFG no mes de setembro para o Grao en Enxeñaría da Enerxía e o Grao Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.

A Directora lembra que no centro tiñamos aprobados dous períodos para elaborar e defender o TFG, un en xuño e outro en xullo. A raíz das circunstancias que estamos a vivir estes últimos meses e da supresión das actividades presenciais, moitos alumnos e titores trasladaron á dirección que sería convinte habilitar un procedemento de defensa en setembro, basicamente para os casos que contiñan unha parte presencial, vinculada á parte experimental, que non poido realizarse. Deste xeito contarían cun pouco máis de marxe para levar a cabo esta parte, adaptala ou cambiar de proxecto. A proposta da dirección é habilitar un procedemento de elaboración e defensa do traballo fin de grao exactamente igual aos de xuño e xullo. A Presidenta presenta a proposta, que implica: a data límite para presentar o título é o 31 de xullo, o inicio do trámite online o 1 de setembro e a data para entregar o documento do traballo fin de grao o 7 de setembro, as datas das defensas serían o 17 e 18 de setembro, de xeito que as actas estarían pechadas o 21 de setembro. Con esta proposta, o alumnado tería 3 opcións das que podería utilizar dúas.

A Comisión aproba a proposta por asentimento. Se informará deste acordo ao alumnado por correo electrónico, detallando as datas e as condicións.

5 Aprobación, se procede, da habilitación dun procedemento de defensa de TFM no mes de setembro para o Máster en Enxeñaría de Minas.

A Directora lembra que na configuración do calendario escolar do centro se contemplaban dúas convocatorias para o Traballo Fin de Máster, unha en xuño e outra en xullo. A dirección propón aprobar unha terceira convocatoria en setembro con peche de actas o 21 de setembro. A Presidenta presenta a proposta, que implica: a data límite para presentar o título é o 31 de xullo, o inicio do trámite online o 1 de setembro e a data para entregar o documento do traballo fin de grao o 7 de setembro, as datas das defensas serían o 17 e 18 de setembro, de xeito que as actas estarían pechadas o 21 de setembro. Con esta proposta, o alumnado tería 3 opcións das que podería utilizar dúas.

A Comisión aproba a proposta por asentimento.



- 6 Aprobación, se procede, doutras solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de ampliación de matrícula, solicitudes de matrícula a tempo parcial, etc.**

Non se recibiu ningunha solicitude.

- 7 Rogos e preguntas.**

Non se producen intervencións.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 16 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a vinte e un de maio de dous mil vinte.

Vº e Prace
A Directora

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 21/05/2020



ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 21/05/2020

Asistentes á Comisión Permanente do 21 de maio de 2020
Presidenta da Comisión
Elena Alonso Prieto
Secretario da Comisión
Guillermo García Lomba
Subdirector/a
María Araújo Fernández
Profesorado
Pablo Eguía Oller
Fernando García Bastante
Alfonso Mandado Vázquez
Carmen Pérez Pérez
Teresa Rivas Brea
Estudantes
Marta Caride Pérez
Santiago Domínguez Blanco
PAS
M ^a Carmen Romo Pérez

Escusa a súa asistencia Belén Parente Artime



ANEXO III

Calendario TFG 2019/20 dos graos impartidos no centro



ANEXO IV

Calendario TFM 2019/20 do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas